Francisco Rodríguez

Conflito lingüístico e ideoloxia na Galiza

EDICIÓNS
LAIOVENTO
ENSAIO
4ª edición

CONFLITO LINGÜÍSTICO E IDEOLOXIA NA GALIZA

EDICIÓNS
LAIOVENTO
ENSAIO
7

Francisco Rodríguez

Conflito lingüístico e ideoloxia na Galiza

EDICIÓNS LAIOVENTO

1998

En canto non se conseguir
unha necesaria normativa de consenso para a lingua galega,
Edicións Laiovento continuará a respectar
a opción ortográfica de cada autor.

Agosto, 1998

Este libro non poderá ser reproducido, nin total
nin parcialmente, calquera que for o medio empregado,
sen o permiso previo do editor. Reservados todos os dereitos.

4º edición, corrixida e acrescentada

© Francisco Rodríguez
© Edicións Laiovento, S.L.
Teléfono: + 34 +81 562333 / + 34 +86 842092
Telefax: + 34 +81 572239
e-mail: laiovento@interbook.net
http://www.laiovento.com
Rúa do Hórreo, 60 - Apdo. 1072
15702 Santiago de Compostela - Galiza - U.E.
Capa: Pepe Carreiro
I.S.B.N.: 978-84-8487-264-1
Depósito Legal: C-1307-1998
Impreso por Gráficas Sementeira, S.A. - Noia - Galiza
Impreso en papel ecolóxico

A PROPÓSITO DESTA CUARTA EDICIÓN

Respeito da anterior edición contén nove artigos máis. Todos eles son posteriores a 1990, isto é, pertencen a esta década. Dous deles, os máis longos, "A planificación lingüística como parte da transformación da sociedade galega" e "Conflito cultural e conflito idiomático na Galiza" non chegaron a seren publicados até hoxe.

Pasaron máis de vinte anos desde que apareceu a primeira edición deste libro. Durante este período a distáncia entre adesión sentimental e adesión prática ao idioma non fixo máis que medrar na sociedade galega. É a consecuéncia da falta dunha política lingüística institucional, desde a administración autonómica, que actue como "poder" e "necesidade" ao servizo do idioma próprio do país. No seu lugar só existiu, de forma moi específica nesta etapa fraguiana, a máis teimuda manipulación consistente no uso ritual do noso idioma, na sua marxinación da actividade "importante", na sua folclorización e subordinación, na sua parálise e esclerose... Velaí todo un modelo de "politización" dunha língua non normalizada. Recorre-se a ela como arma de lexitimación simbólica, nunca como instrumento de coesión social, de necesidade material, de pragmática pública para todo, de identificación individual co conxunto nen de estrutura básica que debe sustentar unha cultura de noso. Perdemos un tempo precioso no terreo institucional. Que a sociedade se acomode, que nos acomodemos, a esta situación como normal, a esta narcotización, é o pior que lle pode pasar ao noso idioma...

Ferrol, agosto de 1997

Prólogo (advertência necesaria) á terceira edición

Este libro que tes, leitor, diante, é unha proba de até que ponto a escrita está determinada polo contexto histórico-social. Non, por certo, porque as suas análises e avaliacións estexan periclitadas ou resulten inintelixíbeis, por ter cambiado radicalmente a nosa sociedade, senón máis ben porque os problemas de fundo subsisten no tocante á temática do conflito lingüístico na Galiza. Xa que logo, se o contexto cambiou, o que non dubidamos, non o fixo no grau nen no sentido en que este "discurso" resultase obsoleto. Polo contrario, ven-se demostrar que a solución do conflito lingüístico, nunha dirección positiva para o noso idioma, está vinculada ao cámbio do papel, da función da Galiza dentro do Estado e, loxicamente, a unha transformación económico-social que non se ten producido. En relación con outros libros da época, que, a maiores do seu substrato idealmente conciliador, plantexaban o tema anecdoticamente, isto é, demagoxicamente e cun empirismo que se negaba a analisar a cuestión nos aspectos cruciais e na sua raiz, este *Conflito lingüístico e ideoloxia na Galiza,* sendo unha análise crítica de interpretacións e alternativas concretas, indicaba unha perspectiva, un método e uns obxectivos moi clarificados que intentaban sentar indirectamente as liñas teóricas elementais que debian guiar os estudos de "sociolingüística" na etapa inicial dos mesmos na Galiza. Naturalmente, alguns dos casos analisados non son xa expresivos das teses e prática dos seus autores hoxe, pero permanecen porque son ilustrativos dunha forma de razoar e dunha actitude en absoluto desaparecida en analistas da nosa realidade, xa foráneos, xa internos, que non escapan ao prexuízo da antropoloxización. Outros evoluíron cara a posicionamentos máis coerentes, pero as suas proclamas e propostas distan moito de non seguir subxacendo na sociedade ou no poder político como panacea. Alguns viron negados pola história os seus agoiros dramaticamente precisos pero non cambiaron a filosofia que os empurraba, ainda que si caíron nunha especie de beatífica esperanza nas bonda-

des do marco democrático na matéria en cuestión, por máis que moitos dos síntomas por eles denunciados non só non teñen desaparecido, senón que mesmo teñen aumentado alarmantemente. Pero o que importa non é xa a coincidéncia exacta entre as ideas dos autores hoxe e as suas perpectivas de entón; o interesante é comprobar se os seus prexuizos, falsidades, idealismos e compensacións, acertos e alternativas concretas seguen estando actuantes na nosa sociedade e se da sua crítica se tiran conclusións válidas e esclarecedoras a respeito do contexto actual.

Alén da particular e específica formulación de cada caso, e mesmo tendo en conta a desaparición física dalgunha das persoas aludidas –caso de Rodrigues Lapa–, penso que na sociedade están presentes as suas opinións e formas de análise do conflito lingüístico, que son formas de prática tamén. Como está presente tamén a filosofía e a praxe lingüística que aboia no percorrer deste noso *Conflito lingüístico e ideoloxia,* na nosa sociedade hoxe.

De todos os xeitos, debemos recoñecer que os últimos anos do franquismo foron anos de especial significación no esclarecimento e combate a prol dos usos sociais do noso idioma, en consonáncia cunha perspectiva de futuro que, puidendo-se saber "atado y bien atado", cumpria concibi-lo libre, aberto e esperanzado. E non se trataba dunha cuestión de fe moralista. Era unha necesidade política correrm os anguriados, para que non for tan negro, para que houbese que contar cos que non se ian paralisar nen aceitar a negación "democrática" dunha verdadeira normalización da nosa língua.

Sendo, pois, este libro de combate, non é posibelmente nada periodístico. Cecais resulte, ás veces, excesivamente duro na sua coesión, difícil polo seu rigor, para unha grande parte do público. Seguramente, as cousas poderian-se dicer doutra maneira, máis asequíbel, pero non resultaria de tanta coeréncia na sua estrutura discursiva. En tema tan problemático e conflitivo, no que todos estamos inseridos e aludidos, non cabe máis que a consecución da maior obxectivación das causas, consecuéncias e solucións ao conflito, sen falsas convicións. Ainda que, en aparéncia, a tensión ten diminuido na actual si-

tuación, a realidade continua a ser terribelmente contraditória e opresiva. E resulta paradoxal que, agora que segue a correr tantos perigos a nosa língua, a nengun dos sesudos e dramáticos bilingüistas do pasado se lles ocorra unha denúncia tráxica da situación. Cecais sexa por iso de que o que resultaba de recibo e permisíbel co franquismo –por ser un réxime político intrinsecamente perverso– non se pode enunciar como plantexamento coa democrácia, por ser un réxime beatífico. Claro está que, velaqui o problema, a cuestión lingüística, para se endereitar nunha via de solución, esixe un cámbio, unha transformación do sistema e non un simples cámbio de réxime. Por iso non pode estrañar que moitos críticos de onte sexan simples carpideiras hoxe. A sua maneira de razoar segue a consistir non en estudar os mecanismos de funcionamento da realidade, e en, xa que logo, asumir na prática as consecuéncias que, en boa lóxica, se derivarian para a causa que se vai defender (a defensa do idioma galego). Consiste en malabarismos onde a aparéncia do real é o que conta, a lexitimidade do sistema, por moi manipulada que estexa, a que determina os posicionamentos, permanecendo nun calexón sen saída. Como, tamén é certo, a asunción real, ás veces, e puramente propagandística, outras, do conflito fixo cambiar posicionamentos ambíguos ou confusos do pasado en discursos e/ou práticas consecuentes.

Nos nosos dias poderia-se escreber un libro similar a este con outros nomes e outros casos. Os argumentos son, desde logo, perfectíbeis, as tendéncias observadas poderian ser máis aguda e matizadamente analisadas. Seria moi interesante comprobar como moitos dos plantexamentos enfrontados entón ao poder, en canto oposición democrática, son hoxe parte dese poder, con piores propostas das doutra hora, ou ben descobrindo o rosto real que se agachaba nas suas vendaxes despistadoras.

Esgotada a segunda edición desta obra, hai xa moitos anos, sai agora esta terceira non só corrixida no que atinxe especialmente á ortografia, senón notoriamente acrescentada, de forma que poderíamos falar de que estamos perante un novo libro. Pero deixamos o título porque segue vindo ao dedo: **Conflito**

linguístico e ideoloxia, unha correlación que está actuante como nunca, co uso de argúcias e falácias que son denunciadas e avaliadas en artigos, textos, que engadimos de época máis recente, entre 1978 e 1988, diseminados en diversas publicacións e reunidos por vez primeira en libro, conformando un corpus indicativo da evolución do conflito lingüístico. Tamén, por vez primeira, aparece en galego o meu único traballo publicado en español, sobre a língua galega, produto precisamente da necesidade de informar con outra perspectiva que a "bilingüista", no exterior, perspectiva especialmente beneficiada e amparada nos círculos "democráticos" dominantes no Estado Español entre os anos 1974 e 1977. Foi a única oportunidade de dar a coñecer outra versión fóra, e non a desperdiciamos. Trata-se dun traballo que, co título de "La Lengua", foi editado pola Editorial Istmo de Madrid no volume colectivo *Los Gallegos* (1976[1]) grácias ao interese do finado Gustavo Fabra, coordenador do volume, verdadeiramente empeñado en contar cunha análise do problema que non fose a do españolismo de esquerdas, ou en positivo, que fose a do nacionalismo galego. Naturalmente, aceitei o seu rogo, que servia a unha necesidade política para nós urxente. Ademais deste estudo divulgativo, a estrutura do cal determinou todos os informes que, posteriormente, se fixeron sobre o tema, figuran nesta nova edición os seguintes artigos:

1. "A cooficialidade, unha nova táctica asimilista", *A Nosa Terra,* 17 de maio de 1978.

2. "O ensino nunha Galicia en proceso de descolonización", *A Nosa Terra,* 21-27 xullo de 1978.

3. "A filosofia lingüística da constitución española", *A Nosa Terra,* 17 de maio de 1979.

Máis tarde inserido, con rectificacións, no volume colectivo "Problemática das línguas sen normalizar. O caso galego", AS-PG, 1980[1], 1984[2], 1989[3].

4. "A conciéncia lingüística na Galiza no século XIX en relación coa dos nosos días", Actas III Congreso Internacional da língua Galego-Portuguesa, Agal, 1987.

5. "A hipocrisia como arma ideolóxica", *A Nosa Terra,* Nº 325, 1987.

6. “Língua e prática social”, O pensamento galego na historia, Aula Castelao, Pontevedra, 1988, pp. 201-207. A sua elaboración é, cando menos, tres anos anterior.

7. “Várias adverténcias e unha recomendación”, *A Nosa Terra,* Nº 356, 1988.

O ton destes artigos ou ensaios, na sua xeneralidade ou concreción, no seu teoricismo e na sua pragmática, fai-nos moi ilustrativos dun aqui e agora, pero sempre dentro dunha liña de pensamento, de método e de análise, que desexa aparecer con suprema claridade como debedor da concepción do problema da língua como un problema social e colectivo e do obxectivo de normalización dos usos do galego no noso território, na nosa sociedade. Nesta tarefa estivemos, nesta tarefa estamos e estaremos. Como a ciéncia forma parte dunha dialéctica ideolóxica e social, este libro insire-se na corrente interpretativa favorábel ao galego, procurando os argumentos e as explicacións científicas que sustentan a defensa dos direitos colectivos, neste caso en matéria lingüística, do povo galego, fronte á mistificación e á confusión, desvendando as causas dunha anormalidade e o vieiro para superá-la. Como diria Blanco Amor, todo o contido deste libro quer ser unha análise e unhas propostas oportunas, sen seren oportunistas.

Francisco Rodríguez. Ferrol, marzo de 1991

I

Esclarecimento sobor do problema lingüístico

1. Língua e mais política

Xa hai séculos que certos homes viron coa meirande claridade que política e economia gardan unha relación directamente proporcional co status dunha língua. Nebrija, ao remate do século XV, escrebera: "una cosa hallo y saco por conclusión muy cierta, que siempre la lengua fue compañera del imperio... Después que vuestra Alteza metiese debajo de su yugo muchos pueblos bárbaros e naciones de peregrinas lenguas e con el vencimiento aquellos tendrían necesidad de recibir las leyes que el vencedor pone al vencido e con ellas nuestra lengua..."[1].

Neste texto deixa-se ben sentado que o imperialismo político-económico conleva asemade o imperialismo lingüístico. A asimilación dos povos asoballados aos costumes e língua dos asoballadores é unha consecuéncia que se deriva do domínio que sobre daqueles queda estabelecido. Polo tanto, non hai política prática na que non latexe unha posición cara a unha realidade como a lingüística, pois está fondamente vencellada á realidade económica, política e cultural. Cando se estabelece unha uniformidade do poder político sobre povos diversos, xorde como "necesidade" e como ideoloxia dominante o uniformismo lingüístico. O comportamento das minorias do povo asoballado que sexan asimiladas primeiramente, por pertenceren á clase dirixente autóctona ou ben por pertenceren ás clases intermediárias co poder centralizado, serán a garantia de insolidariedade co seu povo, a garantia de que o conflito lingüístico queda estabelecido internamente. Unha vez que isto acontece, as relacións disimétricas no político-económico levarán de por si a unhas relacións disimétricas no plano cultural e lingüístico. Esta idea, que é palpalpábel no texto de Nebrija, é consciente ou incoscientemente esquecida nos nosos dias por espíritos que se pretenden críticos e revolucionários.

Por outra banda, a argumentación de que as diferéncias lingüísticas entre os povos proveñen da diversidade de poderes

1 Antonio de Nebrija, *Gramática de la lengua castellana* (1492), Madrid, 1931. Prólogo.

políticos estabelecidos, e que, de non haber esta diversidade, existiria unha soia língua, é unha argumentación falaz, pois confunde os posíbeis resultados da política imperialista –a uniformidade– coas causas da diversidade lingüística que evidentemente non se poden atribuir a factores políticos. É dicer, converter a língua nun fenómeno supraestrutural, ideolóxico, favorece á política imperialista do povo asoballador, pois reduce-a á un fenómeno de clase. Tal plantexamento tamén o souberon facer homes de "esquerdas" na España do século XVI, como Juan Valdés, co fin de xustificar a política imperialista.

Boa mostra do que significa, tamén para os espíritos máis ilustrados e críticos, a confusión das xustas relacións entre polítca e língua. Cando Valdés fala das causas da diversidade de línguas e di que "la una es no estar toda debaxo de un príncipe, rey o señor, de donde procede que tantas diferencias hay de lenguas cuanta diversidad de señores...", está facendo unha identificación redutora e enganosa[2]. Ademais, está facendo un ataque ao poder político diseminado e á diversidade lingüística, en nome dos intereses dunha monarquia centralizada.

A necesidade de uniformación lingüística correu parella coa necesidade das minorias que detentaban o poder político-económico, para xuntaren aos povos que entraban dentro do seu ámbito de influéncia imperialista, coa criación do que se chamou Estado Moderno. Segundo a estrutura sócio-económica, e o papel que cumpriu cada un dentro da unidade do Estado, asi será a evolución da sua língua. Nuns casos, mantera-se como língua familiar das clases dirixentes autóctonas e, por suposto, de todas as clases populares; noutros, será língua das clases populares exclusivamente, pois non existe unha clase dirixente do país. Os intermediários co poder central estarán asimilados lingüisticamente, xa que son o seu produto. O complexo de inferioridade e a falta de conciéncia de povo que se acocha nestes indivíduos converte-os nuns renegados, especialmente ávidos de triunfo persoal, en virtude de presupostos propriamente individualistas e, xa que logo, moi alonxados

2 Juan de Valdés, *Diálogo de la lengua,* Orbis, Barcelona, 1983, p. 32.

dos intereses do seu povo. Por exemplo, e ainda que sexa pondo exemplos de lonxe, as minorias ilustradas do países africanos son francófonas ou anglófonas. O dano irreparábel que se lles fixo ao povos africanos coa política da asimilación lingüística das minorias dirixentes –secuela doutro tipo de asimilacións– está lonxe de ter sido ben calibrado. Non por subtil foi menos perigosa. Axudou e axuda a manter o neocolonialismo e a conciéncia insolidária.

1.1. Progresismo e conservadurismo

A política asimilacionista nos Estados europeus, que se deu moi cedo, agudizou-se nos últimos séculos, é dicer, desde o fin do Antigo Rexime e o estabelecimento da burguesia no poder. No século XVII, empregaba-se o termo nación nos seus xustos lindeiros, como sinalador dunha realidade conformada naturalmente pola interacción de home-ambiente-história. Cervantes, por exemplo, di que os galegos somos outra nación, ainda que pior mirada que a vizcaína. Até o XVIII non abranxe a política asimilacionista máis que a moi pequenas capas da povoación, que están directamente vencelladas ao Estado centralizado imposto pola oligarquia do povo asoballador. É a época na que se conquire a traición étnica das capas dirixentes da étnia asoballada (média e alta nobreza). A burguesia será asimilada no século XIX, porque o poder político-económico asi o esixe, ou mellor, porque, de habé-la, é un produto e unha causa do Estado centralizado. Tamén agora escomenzará unha política estatal consciente destinada a arrasar a língua e os valores culturais das masas da étnia asoballadas.

O feito de que o avanzar da sociedade cara ao capitalismo se dese através de asimilacións lingüísticas, fixo que se identificase doadamente época feudal con certas línguas –ás que se lles negaba tal categoria– e épocas industrais, ou cando menos modernas e máis progresivas, con outras. Esta identificación foi de funestas consecuéncias, porque agachaba os termos reais das relacións das línguas co desenvolvimento económico. O desenrolo do Estado burgués e capitalista contribuiu fortemente ao esnaquizamento e subvaloración dos valores culturais dos povos dominados, e isto era consecuéncia dunhas re-

lacións completamente disimétricas entre étnias. Por iso, cómpre matizar e dicer: o feudalismo foi superado, como etapa histórica, polo capitalismo; pero o feito de ter sido necesário no desenvolvimento da sociedade, non ten por que nos levar á louvanza da política cultural e económica dos Estados centralistas, artellados polas oligarquias dun povo co beneplácito ou sumisión violenta das doutros. E desde logo, non xustifica que o que se deu na história, teña que continuar a dar-se como condición dun progreso que se matina lineal e necesário. Hoxe, para sair dunha sociedade precapitalista, non temos somente o vieiro da sua destrucción por un capitalismo externo; hai outros camiños necesários e reais, porque están na cabeza dos homes e dan saída verdadeira aos seus problemas. Cómpre non esquecer que a língua non era, non é, un valor feudal; sinxelamente é un feito social, unha condición dunha cultura específica, unha realidade non criticábel.

Certa visión histórica simplista e reaccionária, por máis que se amose en nome dun progreso abstracto e optimista, é a que fai que alguns, de boa ou má fe, vexan unha relación mecánica e directamente proporcional entre atraso económico e supervivéncia das línguas non normalizadas. Trata-se doutra falácia: se realmente se sai do atraso económico dun xeito verdadeiro, a língua non somente pervive, senón que se desenvolve e normaliza. Polo tanto, a relación haberá que estabelecé-la máis ben entre atraso económico, colonización e falta de normalización da língua própria. A soberania económica, a soberania política, levan consigo a soberania cultural. A relación entre colonización e desprezo polos valores próprios está asegurada por unha mecánica social, orixinada por un acto violento e aceitada, ao cabo, polo conxunto social, que a asimila como tantos outros prexuízos, produto e axente do domínio e da explotación.

Temos que facer, entón, unha lixeira matización arredor do que se entende por "conservador": catalogar a certos movimentos de conservadores, en todos os seus aspectos, é un grave erro de apreciación histórica. De feito, as línguas dos povos que non puideron normalizá-la, foi atacada, pola miopia tamén interesada, de moitos liberais no século XIX. O decretal

de 1768, dado por Carlos III, era o primeiro que obrigaba claramente a que o ensino se realizase en castelán en todo o Estado; a reforma educativa de Jovellanos é furibundamente castelanizadora. E non soamente foi no Estado Español. Nas illas Británicas, por exemplo, ditou-se unha lei no 1861, pola que aos mestres se lles pagaria segundo os resultados obtidos na asimilación de nenos galeses e escoceses... A persecución das línguas, que non eran a do povo conformador da unidade "nacional" burguesa, é obra do que normalmente se ten por progresista no século XIX. Eis por que hai que refugar de tildar a todo movimento nacionalista de reaccionário e conservador, ainda que poda haber intereses seródios no seu nascimento. Sempre, e hoxe máis que nunca, o nacionalismo da nación oprimida é fondamente revolucionário, porque tenta acadar unha soberania económica, política e cultural que benefícia os sectores populares. Un dos resultados da soberania política, cando esta non é meramente formal, é a normalización da língua oprimida. Cando Finlándia e Noruega, por exemplo, deixaron de ser colónias danesa e sueca, respectivamente, as suas línguas, até entón non normalizadas, non oficializadas, pasaron a ser veículos de cultura e da vida social e política. Neste caso, a restauración lingüística foi patrocinada pola burguesia nacional, clase que, naquel intre histórico, actuou como dirixente, como abandeirada. No noso intre histórico está claro que as colónias chegan á sua emancipación do imperialismo desde perpectivas de clase diferentes, pois non existe burguesia nacional nelas ou ben está eivada para dirixir un combate pola independéncia, a emacipación social e nacional do povo asobllado.

Todo isto debe ter-se en conta polos que len, por exemplo, aos teóricos do marxismo sen se decataren de que o nacionalismo que estes denunciaron foi o da nación asoballadora e asimilacionista. A tendéncia a catalogarmos toda unidade maior de progresiva e toda particularidade de regresiva, é un produto do engano histórico que sofremos ao descompormos a história da humanidade en duas forzas maniqueas. Analisese de que forzas é obra a unidade existente, a quen serviu esta unidade, e comprobaremos que a explotación, as relacións di-

simétricas, o imperialismo, están na sua base. Que o sistema sócio-económico capitalista fose un adianto a respeito do feudalismo, non quer dicer que o afogamento duns povos, ainda que naquela época fose irremediábel, sexa hoxe defendíbel. A história empeza a andar, a facer-se libremente en favor dos homes, non a reduzamos somente a forzas incontrolábeis. Ninguén quere voltar ao feudalismo, mais nengun home consciente da situación do seu país quer legalizar e bendicer a estrutura dos Estados Imperialistas e os seus resultados. Un deles, a falta de direitos, a falta de normalización, nos seus contextos sociais e culturais, das línguas asoballadas.

1.2. Algunhas pontualizacións sobor da língua, sobor das línguas

Cómpre divulgar que a língua é unha criación do home en sociedade, pero prévia, fundamental, para acadar a categoria de homínido. É dicer, trata-se da característica máis nídia e sobranceira da racionalidade humana, a base para construir unha sociedade e progresar. Obra do home en sociedade, prévia á sua vida en comunidade. A língua converte-se asi nunha "estrutura cultural que lles cómpre a todas as demáis estruturas da cultura, sen que aconteza á inversa", como di o lingüista marxista italiano, Pablo Valesio[3]. Cómpre, pois, anotar que, nos aspectos fundamentais, as línguas non son criación de ningunha clase social determinada, senón da comunidade; somente é manipulábel a cantidade de léxico e a valoración, os prexuízos que se acochan baixo certas palabras. Aqui si hai influéncia da clase social que está no poder; aqui si se pode falar de superestrutura, o mesmo que, cando se fala de que isto está ben dito e isto non, é dicer, cado se fai gramática normativa, cáseque sempre condicionada polo poder político e pola fala, xa que logo, das clases dominantes.

O máis gramatical e formalista, ainda que variando moi de vagariño, non está diretamente vencellado á estrutura clasista da sociedade, senón á estrutura racional do home; claro que

3 "La lengua como acriticidad" en *Lingüística formal y crítica literaria,* (vv.aa), Alberto Corazón, 1970.